

Recomendación dirixida á Consellería de Facenda e Administración Pública referente á baremación incorrecta do concurso do proceso de estabilización

Expediente: A.11.Q/15776/24

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de queixa, en relación á baremación incorrecta do concurso do proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021 (subgrupo A2).

ANTECEDENTES

Primeiro.- No seu escrito de queixa a persoa interesada, en esencia, sinala.

Baremacións incorrectas en el proceso de estabilización Concurso A2, gestión, Xunta de Galicia.

-Presentadas anteriormente outras solicitudes en cuanto a baremación y aún no contestadas.

-Luego, interpuesto recurso de alzada contra la baremación definitiva, pero aún en plazo de resolución.

-Por fin he visto en Fides Xunta el motivo de no valoración de uno de los méritos, experiencia en un Concello, que no fue baremado porque según el órgano, el Ayuntamiento no es una administración pública, ni la experiencia se corresponde con la categoría A2, (ver anexo).

-Aparte, en la experiencia interna en la baremación provisional tenía una puntuación inicialmente y luego, en la fase definitiva, en la misma experiencia interna tenía menos puntuación?

-En la página de la Xunta:

Emprego público na Administración Autónoma

Procesos Selectivos

Resultado da consulta

PROCESO : FUNCIONARIOS GRUPO A2 ESCALA 2051 - CONVOCATORIA ANO 2022
DENOMINACIÓN : (CONCURSO) CORPO DE XESTIÓN

ESTADO : LISTA DEFINITIVA ADM./EXCL. PECHADA

Datos Xerais Probas de Oposición Datas de Resolución Taboa de Anuncios hay una nota informativa que tenía y tiene 4 páginas, pero ahora sólo son visibles 3, cuando antes se veían las 4.

Data:30/05/2024

NOTA INFORMATIVA: TEXTO CONSOLIDADO DA BASE III.1 DOS PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACION DA LEI 20/21 CONVOCADOS POLO SISTEMA DE CONCURSO

Nota Informativa

-Lo expuesto me ha provocado cierta indignación, por lo que desconfío de las baremaciones de este proceso (viendo los criterios erróneos que me exponen y....).

-Sacando o no plaza, lo justo es que el proceso sea limpio, sin errores, que te valoren y bien, lo que tienes y sin marear la perdiz con papeleos y rechazos de DI en fides por "sin declarar" o lo que sea, cuando has aportado todo y más, en formatos que tienes, que te dan, que piden y solicitas 20 veces de administraciones a veces de hace siglos o de la propia también. Y, si te expresas, que por lo menos te hagan caso o te contesten.

....

Por favor, pódenme explicar esta lenda de FIDES xunta no proceso de baremación de méritos do concurso A2 xestión?

...

Pola mesma, recordar tamén que:

1. na experiencia interna non baremaron o periodo vacacional de Política Social (en poder da propia administración e acompañado tamén noutras ocasións)
2. na experiencia externa non baremaron o periodo vacacional do Concello de A Pobra do Caramiñal (acompañado en diversas ocasións).

Todo elo en varios escritos, xunto co recurso de alzada presentados perante función pública.

Mencionar como curiosidade, que:

1. na baremación provisional tiven unha puntuación na experiencia interna (45,600) e logo,
2. na baremación definitiva, tiven outra puntuación na experiencia interna menor (45,300).

Cómo pode ser isto?

Achega resolución do Concello da Pobra do Caramiñal relativa á súa toma de posesión que, entende, acredita a experiencia non avaliada.

Segundo.- Solicitado informe á Administración, en esencia, sinala que a problemática da queixa presentada foi resolta coa notificación á interesada (o 20 de xaneiro de 2025) da resolución do recurso de alzada que presentou, o 28 de novembro de 2024, fronte á Resolución do 11 de novembro de 2024, do tribunal. designado para cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para o ingreso, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, no corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, pola que se fai pública a baremación definitiva da fase de concurso de determinados corpos, escalas e especialidades (DOG núm. 221, do 15 de novembro).

Terceiro.- Por escrito do 12 de febreiro, a interesada comunica que recibiu a resolución do recurso presentado e non está conforma con dita resolución.

Sinala, en esencia, que:

Na resolución do recurso hai cousas que non comparto, como o de baixar a puntuación na experiencia interna (os periodos solapados, ben poden contar na experiencia interna e non na externa, pois evidentemente, esto vai no meu perxuízo). Tamén o do Concello da Pobra, pois estaba no expediente, e o que aparecía non o puxen eu, foi o programa, tal e como me explicaron presencialmente en función pública. E que o motivo do rexeitamento poña que non é unha administración pública, para min é erro material en toda regra.

Quédame tamén por saber o do anexo, pois penso que é definitorio para saber se do que me puntuaron de experiencia externa non sería interna.:

III.1.1. EXPERIENCIA PROFESIONAL, UN MÁXIMO DE SETENTA (70) PUNTOS:

- a) Experiencia profesional acreditada, entendida como os servizos prestados na Administración convocante....
- b) Experiencia profesional acreditada, entendida como os servizos prestados en calquera outra Administración pública diferente das anteriores....

Fala de administración pública convocante (Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (apartado a)) e demais entidades do anexo V) e entendo que o Sergas, Organismo Autónomo da Consellería de Sanidade, pertence á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, non a calquera outra Administración pública

diferente (apartado b)) (estado, local...) , polo que sendo así, tamén a puntuación de sergas sería interna.

Cuarto.- Por escrito do 26 de marzo a interesada achega nova documentación. Entre outra:

Achega certificación, do 18 de xullo de 2024, de servizos prestados emitida polo concello da Pobra do Caramiñal, onde constan os servizo no corpo de técnico de xestión A2.

Certificación, do 22/11/2024, de recoñecemento de servizos prestados no subgrupo A2 pola Conlelelría de Política Social e Igualdade, correspondente ao periodo 14/02/2022 a 1/05/2022.

Nóminas, certificación de vida laboral (riscado parcialmente).

Certificación do concello de Pobra do Caramiñal, do 25 de abril de 2018, onfe figuran os servizos prestados como A2, dende o 25/10/2017 a 24/04/2018.

Certificado de servizos prestados na Consellería de Política Social do 9/08/2024 a 30/09/2024.

Outras certificacións de servizos prestados na Universidade e na Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Recoñecementos de trienios no subgrupo A2, por parte da Dirección Xeral da Función Pública.

Alegacións presentadas á valoración dos seus méritos no concurso de referencia.

Recurso de alzada presentado en relación coa baremación definitiva na que non se computa o periodo de tempo traballado no Concello da Pobra do Caramiñal e as vacacións retribuídas na Dirección Xeral de Inclusión Social.

Solicitud de do 10 de xuño do 2019 presentada ante a Dirección Xeral da Función Pública para recoñecemento de servizos prestados no subgrupo A2 no concello da Pobra dende o 25/10/2017 ata o 24/04/2018.

Quinto: Por escrito do 5 de abril, remite solicitud realizada á Dirección Xeral da Función Pública para que se aplique ao proceso selectivo de referencia, o recoñecemento da súa incapacidade, do 5 de abril, con efectos do 16 de febreiro do ano 2023.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promove este expediente e do que se manifesta no informe da administración, resultan as seguintes consideracións:

Primeira.- A queixa fundaméntase na incorrecta aplicación do baremo do proceso de estabilización (concurso A2) á súa situación acreditada.

Indica, en primeiro lugar, que non se lle computa o tempo aboado como vacacións non desfrutadas e que si foron obxecto de cotización á seguridade social.

Sinala, ase mesmo, que non se lle avalian os servizos prestados no concello da Pobra, por non tratarse dunha administración pública (achega pantallazo po programa Fides onde figura a exclusión do tempo de servizos na administración local por dous motivos: non ser administración pública e ser dunha categoría distinta á que se barema).

Por último indica que se lle minorou unha puntuación concedida (experiencia interna).

Segunda.- Na resolución do recurso de alzada presentado a administración fai referencia á normativa aplicable e ás bases da convocatoria, entre ela cita a Resolución do 17 de xaneiro de 2024 pala que se fai público o procedemento para a acreditación dos méritos do proceso selectivo que nos ocupa (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro):

Sexto. Presentación e admisión da documentación acreditativa dos méritos

(-)

Non se terán en conta neste proceso outros méritos presentados palas persoas aspirantes distintos dos que figuren no seu expediente persoal electrónico ou que se soliciten no expediente ou que se acrediten documentalmente con posterioridade ao prazo de días establecido no punto cuarto desta resolución.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva non se admitirá, unha vez rematado o prazo de acreditación de méritos establecido neste resolución e para os efectos da súa valoración neste proceso, ningunha nova documentación acreditativa de méritos, aínda que consten rexistrados na solicitude de actualización ou modificación do expediente persoal. Exceptúase aquela documentación que, xustificándoa documentalmente neste mesmo prazo, fose solicitada pola persoa interesada ao organismo ou entidade competente e non fose recibida no indicado prazo. Neste suposto admitirase a súa presentación ata o momento da finalización do prazo para a presentación de reclamacións á baremación provisional."

E xustifica a súa baremación indicando:

- Os servizos prestados no Concello da Pobra figuran na base de datos da administración grabados como "outra categoría". Así, non procede puntualos xa que non se corresponden coa categoría da convocatoria.
- A puntuación correspondente ás vacacións retribuídas fai que se modifique a puntuación inicial, xa que non se pode avaliar dúas veces o mesmo período laboral (así, estes días de vacacións retribuídas na Dirección Xeral de Inclusión Social, que

traballou no SERGAS e foran computados como experiencia externa, pasan a computarse como interna e minoran a baremación inicial da experiencia externa).

Indica que a certificación do alcalde do Concello da Pobra, onde figura que os servizos os prestou como persoal do grupo A2, foi achegado en vía de recurso e, polo tanto, considérase extemporánea, en aplicación da base sexta indicada.

Para xustificar a presentación extemporánea deste mérito refíres á sentenza do Tribunal Superior de Xustia de Galicia do 11/12/2024 (PO 562 2024) e di:

"Hay que empezar destacando que Las bases de la convocatoria constituyen la ley del proceso selectivo, por lo que a ellas ha de atenderse tanto la Administración como los aspirantes, como así lo ha destacado reiteradamente La jurisprudencia del Tribunal Supremo, de la que cabe destacar, entre sus más recientes pronunciamientos, La sentencia de su Sala Tercera de 25 de octubre de 2016 (recurso de casación número 4034/2014), 15 de noviembre de 2019 (RC número 2810/2017) y de 8 de julio de 2020 (recurso 135/2019), que en su fundamento de derecho quinto, ha declarado:

"Ese carácter vinculante es una reiterada afirmación de la jurisprudencia de esta Sala Tercera del Tribunal Supremo, que la viene subrayando especialmente cuando califica a las convocatorias de verdadera ley del concurso,...

Terceira.- Na resolución do recurso se estima o tempo de vacacións na Dirección Xeral de Inclusión Social, coa conseguinte minoración do mesmo período traballado no SERGAS (externa).

Con todo, debemos deternos na desestimación da baremación do tempo traballado no Concello da Pobra.

No recurso de alzada se desestima esta pretensión alegando que o certificado achegado é extemporáneo.

Con todo, xa tiña achegada certificación ante a Dirección Xeral da Función Pública a efectos do seu recoñecemento como servizos no subgrupo A2 (data de presentación do 10 de xuño do 2019), senón non estaría no Fides este tempo de servizos. Parece que a problemática surge dunha incorrecta grabación no Fides dos servizos prestados no concello da Pobra. Así no programa constaba, inicialmente, como que non era administración pública e que era noutra categoría. Deste xeito, pese a ter constancia da prestación de servizos no concello da Pobra, segundo certificación achegada no ano 2019, a indicada base sexta e a falta de subsanación da interesada desta incorrección fixo que non se lle avaliara este período.

A senteza alegada pola administración parece ser a sentenza do 29 de xaneiro de 2025 (Recurso 516/2023) que indica:

No se prevé en esa base ni en las posteriores que puedan incorporarse ulteriormente nuevos méritos que alteren esa autobaremación contenida en la instancia inicial, ni nueva

documentación justificativa de esos méritos novedosos. Ni siquiera cabe incorporar esos nuevos méritos con el argumento de que el aspirante no disponía todavía de la documentación acreditativa por causas a él ajenas, pues en la base 5.4 se recoge el modo de aportación de esa documentación y nada se prevé en ese sentido. Tampoco ha probado la recurrente que en la documentación adjunta a la instancia inicial hubiese advertido de que en el momento de la posterior reclamación se añadirían nuevos méritos, pues en apoyo de esa alegación se menciona el folio 118 del expediente, y en este consta una certificación del director del Instituto Superior de Estudios psicológicos relativa a la realización por la señora Fidela de un máster de educación especial, y en la parte inferior de la copia se reseña "Pendente de documentación anexa dende diferente Comunidad Autónoma", pero nada se dice de que se pretendan añadir nuevos méritos con ocasión de la reclamación frente a la baremación provisional, lo cual, en todo caso, no está permitido por las bases de la convocatoria.

La recurrente no alegó en el autobaremo los méritos de los que posteriormente se ha querido valer, de modo que con la aportación de la documentación que acompaña a la reclamación presentada frente a la baremación provisional pretende subsanar aquella ausencia de alegación y de presentación de la justificación necesaria para que le sean reconocidos los mencionados méritos a fin de llegar a rebasar la puntuación mínima fijada por la Comisión para determinar el baremo definitivo, en aplicación de las bases 10ª.b y 11ª.4 de la convocatoria.

Además, en la citada reclamación la recurrente argumenta cuáles son los méritos y periodos que pretende que se le admitan en cada uno de los subepígrafes del apartado 1, relativo a la experiencia docente previa, y los nuevos cursos y méritos del apartado 2, sobre formación académica, pero ello significa una esencial mutación con el autobaremo hasta el punto de que, por ejemplo en el proceso cuando no había alegado puntuación alguna en ese subepígrafe en la instancia inicial.

.....

En definitiva, la Administración se acomodó plenamente a lo que establecen las bases, pues estuvo a que lo que se consignó en el autobaremo, sin permitir variaciones posteriores, mientras que la actora la desconoce cuándo pretende que se tenga en cuenta lo recogido en la reclamación posterior frente a la baremación provisional, y además en ocasiones sin indicar los cursos que reclamaba y sin llegar a especificar en los recursos de alzada los puntos concretos que debían serle otorgados.

....

El antiformalismo en los procedimientos y el objetivo de no confundir lo accesorio y lo esencial han llevado a la jurisprudencia del Tribunal Supremo a admitir la posibilidad de subsanación del escrito de iniciación, contemplada en el artículo 71 de la Ley 30/1992 (que se corresponde con el actual artículo 68 de la Ley 39/2015) en los procedimientos de concurso-oposición, tanto en la fase de concurso como en la de oposición, fijando la clave

de la necesidad de brindar la posibilidad de subsanación en que no se trate de presentación extemporánea sino de defectuosa acreditación, como se deduce de las sentencias del Tribunal Supremo de 30 de diciembre de 2009 (recurso casación 1842/2007), 20 de mayo de 2011 (RC 3481/2009), 9 de julio de 2012 (RC 4644/2011), 29 de octubre de 2012 (RC 3721/2011), 5 de marzo de 2014 (RC 4528/2012) y 9 de febrero de 2016 (3587/2014).

Para que esa doctrina jurisprudencial pueda ser aplicada es imprescindible que se haya aportado inicialmente la justificación de un mérito para que la insuficiencia de la acreditación permita abrir un plazo de subsanación.

Es la doctrina jurisprudencial que aplica criterios de racionalidad y proporcionalidad respecto a la justificación documental de los méritos invocados.

...

La posterior sentencia de 26 de diciembre de 2012, siguiendo la línea de la de 19 de diciembre de 2012, así como la anteriormente mencionada de 16 de mayo de 2012, aclara que cabe la aplicación de la doctrina sentada por la Sala 3ª de Tribunal Supremo respecto del artículo 71 de la Ley 30/1992 (que se corresponde con el actual artículo 68 de la Ley 39/2015) en supuestos en los que no se contempla una extemporánea presentación de los méritos alegados, sino su defectuosa acreditación, resumiendo dicha doctrina jurisprudencial y la aplicación de los criterios de racionalidad y proporcionalidad cuando se invoca el artículo 71 de la Ley 30/1992, en los siguientes términos:

"En efecto, la Sentencia de este Tribunal, de 4 de febrero de 2003 , dictada en recurso de casación en interés de ley número 3437/01, admite expresamente que el trámite de subsanación de defectos a que se refiere el artículo 71 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común es plenamente aplicable en los procesos selectivos, al considerar en su fundamento de derecho sexto que "resulta aplicable en la cuestión examinada el artículo 71 de la Ley 30/92 , como antes exigía el antiguo artículo 71 de la Ley de Procedimiento Administrativo en la redacción de 1958, pues se impone en ambos preceptos el deber de la Administración de requerir al interesado para que se subsanen las deficiencias cuando se aprecie que el mismo no cumple los requisitos que exige el ordenamiento en vigor y como señala en este punto el Ministerio Fiscal, la redacción del apartado segundo del artículo 71 excluye los procedimientos selectivos o de concurrencia competitiva para la ampliación prudencial hasta cinco días del plazo cuando la aportación presente dificultades especiales, luego si se prohíbe dicha ampliación, es claro que el precepto autoriza la concesión del plazo de los diez días cuando se trate de un procedimiento selectivo de concurrencia competitiva, como es el caso planteado".

...

Pero debe destacarse también que esos criterios de racionalidad y proporcionalidad, que antes se han apuntado, no permiten valorar como incumplimiento de las repetidas bases aquellos comportamientos de los aspirantes que no respondan a una resistencia a observarlas, sino a una razonable duda sobre su significado o alcance. Cuando esto último suceda lo procedente será permitir subsanar el error inicial en que se pueda haber ocurrido.

...

Remata a sentenza desestimando a pretensión en canto se pretende alegar novos méritos en fase de recurso.

Así, parece que esta doutrina xurisprudencial, que na sentenza citada desestima a demanda, será aplicable cando se trate de achegar novos méritos, pero no presente caso, a xustificación dos servizos no concello da Pobra xa figuraba inicialmente no programa Fides. Polo tanto, a súa non baremación foi por estar incorrectamente grabados, pero non porque non foran achegados pola persoa interesada na fase previa ao recurso. De feito na documentación achegada consta a remisión da certificación á Dirección Xeral da Función Pública no ano 2019 dunha certificación do ano 2018 onde consta que estos servizos foron como técnico de Xestión (subgrupo A2).

De feito, indica tamén dita sentenza:

Por último, las más recientes sentencias de esta Sala y Sección, de 25 de abril de 2012 (recurso de casación 1222/11) y 16 de mayo de 2012 (recurso de casación 4664/11), reiteran la anterior doctrina, en el sentido de que procederá admitir la subsanación de posibles omisiones de los méritos ya alegados, en la fase del recurso de alzada o reposición, en su caso, sin necesidad de requerimiento previo."

Neste mesmo senso, cómpre lembrar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 27 de novembro de 2024 (recurso 554/2023) que, en relación a unha autobaremación incorrecta da aspirante e a desestimación dos seus recursos para subsanar esta incorrección, non foi estimada pola administración, sinalando:

La aplicación del principio de mérito y capacidad conlleva a que los procesos de selección para acceder a la función pública se basen en criterios objetivos e imparciales.

El art.23 .2 de nuestra Constitución es la garantía de que los intereses generales y los derechos de los ciudadanos sólo serán servidos por los aspirantes mejor capacitados.

El derecho que este precepto reconoce, art.23 .2 Constitución , es claramente un derecho de configuración legal, cuya existencia efectiva cobra especial relieve en relación con el procedimiento establecido por una norma para acceder a determinados cargos públicos, de conformidad con los principios de mérito y capacidad(art. 103.3 CE), por lo que el citado derecho fundamental opera racionalmente en una doble dirección.

....

Y apreciamos que esa restricción añadida no puede ser aplicada en perjuicio de la demandante porque contraviene el tenor de las Bases, las cuales, insistimos, no establecen otro máximo que los 15 puntos, y porque comporta una vulneración de los principios de mérito y capacidad, en tanto en cuanto la actora demostró que la puntuación merecida era la de 12 puntos. No es factible privar de la valoración de los méritos cuando la aspirante acreditó en tiempo (con ocasión de la cumplimentación del autobaremo) su posesión y pertinencia.

Cuarta.- En consecuencia, segundo os datos obrantes no expediente, resulta o seguinte:

- O tempo de traballo como Técnica de Xestión (subgrupo A2) no concello da Pobra foi acreditado no ano 2019 pola persoa interesada.
- A grabación deste tempo foi realizada incorrectamente no expediente da interesada (FIDES).
- A interesada impugnou a baremación provisional neste extremo e o tribunal lle contesta que está grabada como "outras categorías – Admón local). Achega, segundo informe da administración, exemplar incompleto dun informe de vida laboral.
- En fase de recurso, a administración non admitiu a certificación que acredita esta incorrecta grabación do tempo de traballo no Concello da Pobra.

Así, á vista da doutrina xurisprudencial sinalada, en aplicación dos criterios de racionalidade e proporcionalidade ao caso presentado, o recurso de alzada podería ter subsanado o erro da baremación dos servizos prestados no Concello da Pobra do Caramiñal que, no presente caso, parece que foi cometido tanto pola administración, ao non inserir correctamente os servizos prestados, como pola persoa interesada, ao non facer correctamente as alegacións á baremación provisional en canto a estes servizos.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa administración a seguinte **recomendación**:

Aplicar a doutrina xurisprudencial sinalada, na resolución dos recursos que, no seu caso, se presenten ante a subsanación de méritos previamente alegados polas persoas interesadas nos procesos selectivos.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da

aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo (en funcións)